



COCINA CON
SABOR HECHA
CON ❤

Cambio no menú do venres 21 de xuño

Mañá é o último día de escola e no comedor queremos facer que sexa especial para os/as peques. Por iso, imos substituír o segundo prato por pizza artesá de xamón, tomate e mozzarella.

Finalmente chegou o día de dicir ata logo aos nenos e nenas dos nosos comedores.

Facémolo con algo de tristeza e tamén con moita alegría por todo o curso que compartimos con eles e elas: puidemos verles crecer un pouco, axudando no proceso no que puidemos, e iso é un privilexio.

En Jardanay gústanos moito celebrar e contribuír a que o último día de comedor sexa especial. Por iso, imos cambiar o segundo prato do menú (fusilis ao forno) e servir pizza artesá de tomate, xamón e mozzarella no seu lugar.

O resto do menú mantense sen cambios e queda así:

Primeiro prato 🥗

- Crema campera

Segundo prato 🍕

- Pizza artesá de tomate, xamón e mozzarella

Prostre 🍎

- Froita de tempada (ameixa)

Como cada ano, foi un pracer atendervos a vós/as e aos vosos fillos e fillas. No verán seguiremos dispoñibles nos correos electrónicos que coñecedes (principalmente en comedor@jardanay.es) e no noso teléfono fixo (981 126 627), aínda que lembrade que entramos en horario de verán e en oficina farase xornada intensiva.

Animámosvos tamén a que nos sigades en redes sociais, onde compartiremos novidades e información que esperamos sexa de interese para todos e todas.

Sen máis, desexámosvos un estupendo verán e esperamos vernos de volta en setembro.

Saúdos!



Tes dúbidas? Queres facernos algunha consulta?

[Contáctanos](#)



En cumplimiento de lo dispuesto en la Protección de Datos, para la posibilidad de ejercer los siguientes derechos sobre sus datos personales: derecho de acceso, rectificación, supresión u olvido, limitación, oposición, portabilidad y a retirar el consentimiento prestado al tratamiento de sus